

ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA E DE HONRA
(<http://sede.vilagarcia.gal>)
CELEBRADA O DÍA 19/11/2022

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE
D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

-DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
-D. ARGIMIRO SERÉN MERA
-DONA PAOLA MARÍA MOCHALES
-D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
-DONA SONIA OUTÓN CASAL
-D. DIEGO GARCÍA SANTIAGO
-DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ
-D., ÁLVARO CAROU GARCÍA
-DONA ALBA BRIONES GAMARRA
-D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO
-DONA MATILDE LAYA LORENZO
-DONA ANA MARÍA GRANJA GUILLÁN
-DONA YOLANDA BÓVEDA DÍAZ
-D. ROBERTO DOMÍNGUEZ BUSTELO
- DONA INMACULADA DIEZ VILLARROYA
- D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ
- D. XOSE LOIS LEIROS GUDE
-DONA MARIA DE LA O FERNANDEZ GONZÁLEZ
-D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

Non asiste.

D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

MONSERRAT CORES VAZQUEZ

ENTREGA DA DISTINCIÓN, A TÍTULO PÓSTUMO, DE FILLO PREDILECTO DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA A D. JOSÉ AGUSTÍN PEREIRA FERNÁNDEZ.-

Dáse conta do acordo do Pleno Ordinario de data 29 de setembro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da resolución da Alcaldía de 26 de setembro de 2022.

Pola Alcaldía emitíuse con data 23 de setembro de 2022 unha proposta acompañada dunha memoria acreditativa dos méritos que concorren para a concesión da distinción de Fillo Predilecto, a título póstumo do Concello de Vilagarcía de Arousa a Don José Agustín Pereira Fernández, do seguinte teor:

Don José Agustín Pereira Fernández nado o 26 de xullo de 1944, pertence a unha familia de tradición empresarial no sector dos transportes prolongada durante varias xeracións, aparecendo a súa familia vinculada ao transporte desde o ano 1915, ligada á empresa “La Emprendedora” que conectaba Vilagarcía con distintos municipios da comarca. Esta tradición familiar e empresarial continuarase con Don José Agustín Pereira Fernández, fundando en 1985 a Empresa Pereira e que finalmente, no ano 2017, se integrará no Grupo Abalo.

Durante a súa etapa á fronte da empresa Pereira, Vilagarcía sempre contou cun colaborador incansable e desinteresado a prol de acadar unha Vilagarcía máis moderna e mellor conectada, facilitando os desprazamentos da poboación e axudando a impulsar políticas de fomento do

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 12:00 do día 19/11/2022, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Extraordinaria e de Honra convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Entrega da distinción, a título póstumo, de Fillo Predilecto do Concello de Vilagarcía de Arousa a D. José Agustín Pereira Fernández.

transporte colectivo, ao alcance de toda a cidadanía.

Bo exemplo da súa implicación e dedicación a Vilagarcía son a súa participación no nacemento das Feiras Multisectoriais de FEXDEGA, un dos factores innovadores e pioneiros na sociedade daqueles anos, e que referenciaba a Vilagarcía no sector feiral de Galicia.

Na mesma liña, o seu fondo compromiso co deporte local fixo que a empresa que dirixía, “Pereira” recibira ata en tres ocasións a “mención especial á mellor empresa”, outorgada pola Fundación Municipal de Deportes na Festa do Deporte Local.

Por outra banda, Don José Agustín Pereira Fernández tamén participou na institución municipal, sendo Alcalde de Vilagarcía de Arousa durante un breve espazo temporal, entre marzo e abril de 1979, no período da Transición.

O seu bo facer e a súa predisposición a colaborar cos distintos colectivos deportivos e sociais da cidade granxeáronlle un fondo agarimo da cidadanía de Vilagarcía que sentiu un fondo pesar co seu falecemento en novembro de 2020.

En consecuencia, en virtude do establecido no Regulamento Municipal de Honras e Distincións do Concello de Vilagarcía de Arousa, no seu título terceiro; e vistos os méritos enumerados, ésta Alcaldía:

RESOLVE:

Iniciar o procedemento de concesión da distinción a Don José Agustín Pereira Fernández como fillo predilecto, a título póstumo, do Concello de Vilagarcía de Arousa, coa finalidade de que polo Pleno da Corporación Municipal, si así o considera, se adopte o correspondente acordo de concesión do título citado.

Así o mando e asina o Sr. Alcalde-Presidente á data da sinatura electrónica.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, PP e Concelleiro non adscrito informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do BNG, Vilagarcía en Común e Podemos-Marea da Vila din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a concesión da distinción, a título póstumo, de Fillo Predilecto do Concello de Vilagarcía de Arousa a D. José Agustín Pereira Fernández.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a concesión da distinción, a título póstumo, de fillo predilecto do Concello de Vilagarcía de Arousa a D. José Agustín Pereira Fernández.

A seguir intervén o Sr. Alcalde dicindo:

Prezados Guillermina, Maísa, Agustín, Teté e Manuel; ex alcaldes, compañeiros de Corporación, convidados...

Segundo o Dicionario, “emprender”, do latín “in” –dentro de- e “prendere” –coller, aprehender- é a acción de acometer ou comezar unha obra, negocio ou empeño. Engade a Academia que ese termo úsase especialmente cando a acción a realizar implica “dificultade ou perigo”.

Pois ben: non sei canto latín podería saber, a finais do século XIX, o propietario dun establecemento de viños na rúa Fornos de Noia, de nome Agustín Pereira (para entendernos dende agora: Agustín Primeiro). Non sei, xa digo, se sabería moi ben qué significaba emprender, pero do que si estou seguro é de que a principios do século XX aquel comerciante que tiña unha familia que manter, pensou -e penso que pensou ben- que podería ser un bo negocio explotar unha carruaxe que levara persoas e mercadorías dende Noia a Santiago, e ao revés. Dificultades seguro que habería; perigo, xa se vería. O que estaba claro é que, como din os portugueses, “quem não arrisca não petisca”.

En 1910, aquela idea inicial foi a máis, e así naceu “La Emprendedora”, nome inequívoco, para xestionar a concesión oficial de transporte entre Noia e Santiago, e a que se dedicarían -dicían as novas da época- “ómnibus automóviles con motor de bencina y dieciséis asientos”.

Tres anos despois, “La Emprendedora” xa establecera unha nova liña, de Noia á Pobra, e as crónicas contaban que o xerente da empresa, don Agustín, acababa de regresar de París e Barcelona, onde adquirira dous novos coches... Ao ano seguinte, outra liña máis: A Pobra- Padrón. O reino dos Pereira comezaba a expandir os seus territorios.

E así chegamos a 1918. Foi o gran momento, ou, polo menos, o momento que a nós máis nos interesa: “La Emprendedora” conseguía a concesión da liña Santiago-Pontevedra, pasando por Vilagarcía. Aquela modernidade, que supoñía o contrapunto ao ferrocarril que tantas queixas xeraba, consistía en que o autobús saía de Pontevedra ás 3 da tarde, chegaba a Vilagarcía ás 4, e remataba a viaxe en Santiago dúas horas despois, ás 6. En total, pois, 3 horas para apenas 80 quilómetros. Vamos, que nos vamos.

Daquela, Agustín Primeiro tamén se dedicaba a outros negocios, entre eles a exportación de ovos, chegando a ser xerente da sociedade que, probablemente, tivo o nome máis directo, e tamén máis divertido, de cantas houbo nunca en Vilagarcía: La Unión Huevera... protagonista, por certo, da histórica folga xeral na cidade en 1918.

O caso é que, por aqueles tempos, xa comezaba a apuntar maneiras un mozo que nacera en 1895, tamén en Noia, de nome Agustín Pereira Fernández. Este Agustín Segundo, para entendernos, foi o que consolidou a empresa na nosa cidade, deixando atrás Santiago e Noia. Dende 1920, aquel mozo, de apenas 25 anos, xa comezou a participar na Cámara de Comercio e outras entidades.

Pero foi en 1935 cando outro acontecemento selou esa relación Pereira-Vilagarcía. Todos os medios de Galicia se fixeron eco do gran acontecemento: Agustín Primeiro pedía para Agustín Segundo a man de Amalia Fernández, filla do propietario do diario Galicia Nueva, o mesmo no que constantemente se publicaban anuncios, e tamén louvanzas, a “La Emprendedora”.

Con Agustín Segundo, a empresa seguiu medrando con novas liñas e novos negocios, relacionados sempre co transporte e a distribución de mercadorías; era o que entón se chamaba “almacenista”. Pero, sobre todo, coa chegada de Agustín Segundo o apelido Pereira quedou definitivamente ligado ao devir empresarial, pero tamén social, de Vilagarcía.

Durante nada menos que 47 anos, don Agustín pertenceu á Cámara de Comercio, da que chegou a ser presidente; foi concelleiro e tenente de alcalde; dirixiu a asociación patronal; foi quen conseguiu a concesión do transporte urbano Carril-Vilagarcía-Vilaxoán, en 1956, para logo estendela a parroquias e lugares e outros concellos da bisbarra; foi, igualmente, xefe do Sindicato Provincial de Transporte; promotor da feira de mostras, tamén do Día de Compostela en Vilagarcía, vicepresidente do Círculo Artístico Mercantil, etcétera, etcétera... Non cabe dúbida de que 96 anos de vida, ben aproveitados, dan para moito...

Claro que isto non quere dicir que todo fóra un camiño de rosas. Como en tantos ordes da vida, a Guerra Civil supuxo un antes e un despois. Aí os Pereira coñeceron de primeira man a segunda parte da definición de “emprender”, aquela que se refire a “especialmente se implica dificultade ou perigo”.

A familia coñece, porque así se transmitiu de xeración en xeración, e polo que supón de lección de vida, aquel amargo momento no que chamaron á porta de Agustín e de Amalia para anunciarlles que os autobuses quedaban requisados para envialos á fronte, e os seus condutores, alistados obrigatoriamente.

Coñece tamén a familia que aquilo supuxo ter que buscarse outra vez a vida e con outros negocios, dende as conservas ata, de novo, os ovos –e xa era a segunda ocasión na que os Pereira poñían en relación ovos e emprendemento...-.

E a familia lembra, igualmente, os tres días de viaxe que Agustín Segundo fixo a Valencia, terminada a Guerra, onde fora visto nunha cuneta un dous seus autobuses requisados. Un vehículo que, reparado, sería a semente para poñerse de novo en pé. Iniciativa, dificultade, perigo, tamén constancia: o espírito de “La Emprendedora” estaba de volta.

Un espírito, unha forma de ver e aprehender a vida, que, sen dúbida, Agustín Segundo herdara de Agustín Primeiro e, tampouco cabe moita sospeita, sabería transmitir a Agustín Terceiro, que é quen nos trae hoxe aquí, e que explica o por que desta homenaxe.

José Agustín Pereira Fernández –Agustín Terceiro, para entendernos- naceu en 1944: “Ha dado a luz un precioso niño, primero de sus hijos, la esposa del industrial y propietario de esta ciudad, nuestro estimado amigo, don Agustín Pereira Fernández”, contaba El Correo Gallego o 29 de xullo dese ano. Nótese, por certo, a precisión do xornalista: non só aventuraba que Agustín

Segundo ía ter máis fillos, pois Agustín Terceiro era o primeiro deles, senón que, ademais, este trouxéao ao mundo a súa esposa...

O asunto é que, dende entón, Agustín Terceiro xa se converteu nun personaxe de Vilagarcía, e así durante 76 anos. Proba diso é que, xa en 1950, El Pueblo Gallego publicaba un especial dedicado ás festas de Santa Rita e nel se incluía, como era habitual naqueles tempos, algunhas notas de sociedade. Neste caso había unha fotografía dun rapaz de apenas 6 anos. Repeiteado, miraba á cámara cun medio sorriso ao estilo Gioconda que xa non abandonaría xamais. Abaixo, o texto dicía: “Cachuliñas Pereira Fernández, hijo primogénito del industrial de esta plaza, don Agustín Pereira”.

En 1968, volvería a aparecer nas páxinas de sociedade. Non sabemos se Agustín Segundo chegara a pedir para Agustín Terceiro a man de Guillermina, pero sí sabemos que nese ano José Agustín casou coa filla do histórico director do Colexio León XIII, Jesús Garrido. A primeira voda, por certo, celebrada na capela do colexio de aprendices de Bamio. Agora si que xa non había remedio: Pereiras con Garridos... as raíces vilagarcíás xa eran inamovibles. Ademais de festeiras. Con todo, fora Cachuliñas, Titín, don Agustín, papá ou avó –ese avó que calquera neno desexaría ter- o certo é que Agustín Terceiro nunca foi moi amigo de estar na primeira liña. Pode resultar paradoxal, porque ademais de empresario foi tamén presidente da Cámara de Comercio, concelleiro, tenente de alcalde e ata rexedor por un período moi breve de tempo, na Transición. Sen embargo, o que realmente lle gustaba era permanecer nun discreto segundo plano, sen facer ruído, traballando pola súa familia, polos seus empregados –que eran a súa segunda familia- e por Vilagarcía, que viña a ser a súa terceira gran familia.

A Agustín Terceiro se lle debe a consolidación da firma nos anos 80, cando naceu oficialmente Empresa Pereira, SL -en substitución de Agustín Pereira, SL-, a renovación da flota, a expansión do negocio con Viaxes Cortegada, ou o traslado de oficinas e cocheiras ao Polígono Industrial de Trabanca.

Pero, por riba do seu deber como herdeiro do espírito de “La Emprendedora”, estaba o talante, a forma de ser e estar de Agustín. Só fai falla ver como fixo o traspaso de poderes a súa filla Maísa, tal e como o seu pai fixera con el, estando sen estar ou ao revés; como celebraba os éxitos dos seus traballadores e as súas familias; como apostou pola igualdade de oportunidades –¿por que unha muller non ía poder conducir un autobús? ou ¿por que unha muller non podía ser a primeira xerente da estación de autobuses?–; como apoiou ás asociacións de veciños, ás Anpas, e aos clubs deportivos; como se preocupou porque os autobuses urbanos de Vilagarcía tiveran as primeiras plataformas baixas, cando aínda non eran obrigatorias; como a súa empresa promoveu os primeiros bonos sociais de transporte, asumindo parte do custe dos billetes; como foi máis alá no transporte escolar cando algunhas decisións políticas lle parecían incomprensibles... Calquera dos que estamos aquí, e moitos dos que non o están, saben que cando fixo falla, a empresa Pereira, e Agustín á fronte, sempre estiveron aí. E sen necesidade, insisto, de facer ruído.

Dicía San Agustín, o mesmo que cada 22 de maio sae de paseo polas nosas rúas da man de Santa Rita para ver como vai o choio, que unha cousa é vivir e outra, ben distinta, vivir felizmente. Creo, sinceramente, que Agustín viviu felizmente e, o mellor de todo, tratando de que os demais tamén o fixeran, dentro do que estivera nas súas mans, que sempre estaban dispostas. Tamén niso consiste ser emprendedor. E cidadán.

Ata en tres ocasións a Fundación de Deportes lle concedeu a Mención Especial á Mellor Empresa. Penso que non lla deron máis veces para non asoballar ás demais, que sen dúbida tamén a merecían, pero é significativo do compromiso que Agustín Pereira sempre tivo coa súa cidade.

E posto que de deportes falamos, o propio, nun acto como este, sería retirar a súa camisola e colgala do máis alto deste salón, pero como tampouco é plan, sirva este diploma –Mina, Maísa, Agustín Cuarto, Teté e Manuel- como testemuña do agradecemento e do aprecio que esta cidade ten por Cachuliñas, Titín, don Agustín, papá, avó e, dende hoxe, Fillo Predilecto de Vilagarcía de Arousa.

Moitas grazas.

A seguir dáse paso á entrega da distinción e imposición da insignia de ouro da cidade da Dona Guillermina Garrido, Viúva de D. Agustín Pereira Fernández. Así mesmo fáise entrega dunha peana conmemorativa a unha das netas.

Intervén a seguir por parte da familia: Dona Fita Garrido, D. Jaime bouzada e Dona M^a Luisa Pereira.

Finalmente procédese á sinatura por parte de Dona Teresa Pereira no Libro de Ouro da Cidade.

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:00, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.